



## BOLSA-COLABORACIÓN

### PARA A BIBLIOTECA DA AULA UNIVERSITARIA UNED FERROL

#### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Convócase unha bolsa de Colaboración para realizar tarefas de apoio na Biblioteca da aula Universitaria UNED FERROL, pertencente ao Centro Asociado da UNED da Coruña.

#### 2.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Alumnos matriculados no Centro Asociado á UNED da Coruña en calquera dos ensinos regrados da UNED. O estar matriculado neste Centro no momento da solicitude e durante o tempo de duración da bolsa é requisito indispensable para manter a condición de beneficiario da bolsa. Non gozar anteriormente dunha bolsa de Colaboración de Biblioteca do Centro Asociado da UNED na Coruña nin a aula UNED FERROL.

#### 3.- CONDICIÓNS DA BOLSA

- a) A bolsa terá unha duración de 9 meses e medio, desde o 1 de outubro de 2017 ata o 30 de xuño de 2018.
- b) A bolsa poderá ser renovada por unha soa vez, desde o 1 de outubro de 2018 ao 30 de xuño de 2019, sempre que exista dotación orzamentaria e se conte cun informe positivo da Comisión Seleccionadora a efectos de renovación.
- c) A contía da bolsa será de 425 € mensuais.
- d) A concesión e goce da bolsa non establece relación laboral ou estatutaria co Centro Asociado da Coruña, nin implica por parte deste ningún compromiso en canto a unha posible incorporación do interesado ao persoal do mesmo.
- e) A concesión da bolsa non dá dereito a matrícula gratuíta.

#### 4.- FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES

- a) O prazo de presentación de solicitudes estará aberto do 22 de maio ao 9 de xuño de 2017.

b) Os impresos de solicitude, ANEXO I, deberán entregarse na Secretaría do Centro, Rúa Educación, nº 3 da Coruña ou na Sede de Ferrol Rúa María 52-54 15402, Ferrol.

c) Os impresos de solicitude deberán ir acompañados da xustificación documental, tanto de estar matriculado no Centro Asociado á UNED da Coruña no curso actual, como dos méritos que se acheguen, así como do currículo vitae.

Bastará con achegar fotocopia simple da documentación, aínda que o seleccionado deberá achegar os orixinais antes de formalizar a bolsa.

## 5.- SELECCIÓN DE CANDIDATOS

a) A Comisión Seleccionadora estará formada por quen ostente a Dirección do Centro, quen actuará como Presidente; o representante de P.A.S. do Centro, os membros do P.A.S. de Biblioteca D<sup>a</sup> Isabel Sánchez Carreira e D. Antonio Núñez Rodríguez, e o Delegado de Alumnos do Centro, que actuarán como vogais. A Secretaria Xeral do Centro, actuará de Secretaria da Comisión.

b) Para a selección de candidatos valoraranse os seguintes méritos:

Expediente académico

Coñecemento e experiencia en bibliotecas

Coñecementos de idiomas

Coñecementos de Informática

c) Aos aspirantes preseleccionados poderáselles facer unha entrevista.

d) As decisións adoptadas pola Comisión Seleccionadora serán recurribles en recurso de alzada ante a Xunta Reitora do Consorcio Universitario UNED A Coruña.

e) Nos casos de renuncia ou baixa, os candidatos serán substituídos polas persoas da lista de suplentes confeccionada para o efecto.

f) Nos casos de renovación, será preceptivo contar cun informe positivo da Comisión Seleccionadora que valorará o grao de cumprimento das obrigacións establecidas no apartado 6) e a realización dos traballos para a formación práctica en condicións satisfactorias. Oído o bolseiro/a, e en caso de non considerarse satisfactorio o cumprimento das obrigacións, a renovación de bolsa será concedida ao suplente que figure en primeiro lugar na lista de suplentes confeccionada para o efecto.

## 6.- OBRIGACIÓN DOS BENEFICIARIOS

- a) O réxime de dedicación será de 20 horas semanais, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades de servizo.
- b) O bolseiro estará obrigado a cumprir os requisitos desta convocatoria e a desempeñar o seu traballo baixo a dirección da Dirección e a Secretaría Xeral e co asesoramento e en coordinación co persoal da Biblioteca do Centro. O incumprimento das obrigacións poderá dar lugar á rescisión da bolsa.
- c) A posesión desta bolsa ao amparo desta convocatoria será incompatible con calquera outra bolsa, así como con soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do interesado, tanto con organismos públicos como privados.
- d) A renuncia á Bolsa deberá ser comunicada por escrito cunha antelación mínima de 15 días.
- e) É requisito indispensable ao aceptar a bolsa presentar documentación acreditativa da solicitude de matrícula no Centro Asociado UNED A Coruña para o curso 2017-18.



ANEXO – 1

**Beca-Colaboración para la Biblioteca del AULA UNIVERSITARIA UNED FERROL**

DATOS PERSONALES

Primeiro Apellido	Segundo Apellido	Nome

Nacionalidade	D.N.I.	Data Nacemento	Sexo

Domicilio:		
Cidade:	Código Postal:	Provincia:
Teléfono:		
Correo-e:		

ESTUDOS (Detallar en folla aparte, se é necesario)

--

COÑECEMENTOS E EXPERIENCIA EN FORMACIÓN DE USUARIOS (Detallar en folla aparte, se é necesario)

--

#### NIVEL COÑECEMENTOS DE IDIOMAS

Idioma: Nivel: Alto <input type="checkbox"/> Medio <input type="checkbox"/> Baixo <input type="checkbox"/>
Idioma: Nivel: Alto <input type="checkbox"/> Medio <input type="checkbox"/> Baixo <input type="checkbox"/>
Idioma: Nivel: Alto <input type="checkbox"/> Medio <input type="checkbox"/> Baixo <input type="checkbox"/>

Coñecementos de Informática (Detallar en folla aparte, se é necesario)

--

Firma do solicitante, comprometéndose en caso de concesión, a cumprir os requisitos da presente convocatoria.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017.

Fdo.: